

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo coa Lei de prevención de riscos laborais, como se denomina o órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado que ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora das mesmas?

- A) Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- B) Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- C) Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- D) Comisión de Coordinación interadministrativa en materia de saúde laboral.

2. De acordo co Estatuto Marco, NON é unha modalidade de nomeamento temporal de interinidade:

- A) A substitución de persoal fixo ou temporal.
- B) A execución de programas de carácter temporal.
- C) O exceso ou acumulación de tarefas.
- D) A existencia de praza vacante.

3. NON é unha función do Servizo Galego de Saúde:

- A) A celebración de contratos de servizos sanitarios con organizacións, centros, servizos e establecementos públicos e privados.
- B) A aprobación do Plan de Saúde de Galicia.
- C) O desenvolvemento dos programas de actuación sanitaria.
- D) A xestión das prestacións farmacéuticas e complementarias que corresponda no ámbito das súas competencias.

4. Indique o Título do Estatuto de Autonomía onde se recoñece e regula o réxime básico da Xunta de Galicia e o seu Presidente:

- A) O Título Terceiro.
- B) o Título Segundo.
- C) O Título Preliminar.
- D) O Título Primeiro.

5. De acordo co Estatuto Marco, en cal dos seguintes casos NON se producirá a perda da condición de persoal estatutario fixo?

- A) Na declaración dunha incapacidade permanente para a profesión habitual.
- B) Na declaración dunha incapacidade parcial.
- C) Na declaración dunha incapacidade absoluta para todo traballo.
- D) Na renuncia.

6. De acordo coa Lei de Saúde de Galicia, NON é un principio reitor do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) A adecuación das prestacións sociais e económicas ás necesidades de saúde da poboación.
- B) A promoción da comercialización de produtos e recursos sanitarios.
- C) A participación e implicación de profesionais no sistema sanitario.
- D) A acreditación e avaliación continua dos servizos sanitarios prestados na Comunidade Autónoma.

7. Un dos seguintes está recoñecido como dereito fundamental pola Constitución Española. Indique cal:

- A) O dereito a defender España.
- B) O dereito á protección da saúde.
- C) O dereito á propiedade privada e á herdanza.
- D) O dereito de asociación.

8. De acordo coa Lei Xeral de Sanidade, cal dos seguintes NON é un dereito dos cidadáns respecto ás administracións públicas sanitarias?

- A) O dereito á xestión directa e supervisión dos establecementos e centros sanitarios.
- B) A confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso.
- C) O respecto á súa personalidade, dignidade humana e intimidade.
- D) Ningún dos anteriores o é.

9. De acordo co Decreto de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, quen dos seguintes cesará en primeiro lugar, en virtude da incorporación na súa praza dun profesional estatutario fixo?

- A) O persoal temporal.
- B) O persoal en promoción profesional en plaza vacante.
- C) O persoal en comisión de servizos en plaza vacante.
- D) O persoal docente e investigador, de menor a maior antigüidade.

10. Conforme á Lei galega reguladora do consentimento informado e da historia clínica, como se denomina o documento polo cal unha persoa maior de idade e libre, manifesta anticipadamente a súa vontade, a fin de que esta sexa cumprida no momento no que chegue a situacións nas que polas circunstancias non sexa capaz de expresala persoalmente, sobre os coidados e tratamento da súa saúde, ou unha vez chegado o falecemento, sobre o destino do seu corpo ou dos órganos do mesmo?

- A) Consentimento informado por substitución.
- B) Testamento de últimas vontades.
- C) Dilixencias de consentimento final.
- D) Documento de instrucións previas.

Preguntas de reserva

1. De acordo coa Lei Xeral de Sanidade e respecto á saúde mental, se considerarán dun modo especial os problemas referentes a:

- A) A formación ocupacional destes pacientes.
- B) A psiquiatría infantil e psicoxeriatría.
- C) A psiquiatría xuvenil e deficiencias en materia de atención de enfermaría.
- D) Todos os anteriores.

2. De acordo co Estatuto Marco, e respecto á súa categoría de orixe, en que situación se atopa aquel estatutario fixo que realice funcións en promoción interna temporal?

- A) En excedencia voluntaria.
- B) En suspensión provisional de funcións.
- C) En servizos especiais.
- D) En ningún dos anteriores.

